

BLOQUE 2:
COÑECIMENTO E REALIDADE

UD 5: O COÑECIMENTO HUMANO



UD5: O COÑECEMENTO HUMANO

1.- INTRODUCCIÓN Á EPISTEMOLOXÍA

Epistemoloxía: Parte da filosofía que estuda o coñecemento humano; Que coñecemos? Como o coñecemos? Que fiabilidade ten o noso coñecemento? Existen límites para o coñecemento humano?

No acto de coñecer sempre hai dúas partes:

- Suxeito coñecedor
- Obxecto coñecido

1.1.- AS FACULTADES DO COÑECEMENTO

RAZÓN	SENTIDOS
Proporciona coñecemento racional	Proporciona coñecemento sensible
É abstracto: traballa con conceptos, ideas e universais	É empírico: é o resultado do procesado de datos que nos chegan a través dos nosos sentidos
Os universais ou conceptos créanse a partir dunha abstracción das características comúns dos obxectos sensibles que coñecemos	O único coñecemento real é aquel que ven dos sentidos. Cos sentidos iniciase todo e é o máximo que podemos coñecer os SH
Algúns filósofos pensan que é o único coñecemento real e que os sentidos son enganosos. Para outros pensadores o pensamento racional é aquilo que se aplica unha vez temos o coñecemento sensible que só é un primeiro paso no coñecer.	Os universais non existen. Son abstraccións gratuítas da nosa mente que non teñen ningunha fiabilidade.
Parménides, Platón, Descartes e todos os racionalistas en xeral	Aristóteles, Hume e todos os empiristas en xeral

Ao longo da historia da filosofía, os pensadores aliñáronse nun bando ou noutro entendendo o coñecemento como abstracción ou como empírico, cas consecuencias que unha e outra posición carrexan.

1.2.- GRADOS DO COÑECEMENTO

Clasificamos o coñecemento segundo a súa fiabilidade:

SABER	Consiste nun coñecemento sólido e seguro É un saber “obxectivo” que pode ser comprobado e corroborado
CRENZA	Supón un compromiso con aquilo que cremos certo : temos confianza en que aquilo no que cremos sexa realmente certo. Esta crenza está apoiada en algo exterior a nós: hai algo fora de nós (obxectivo) que fainos pensar que aquilo é certo. Carece de probas ou razóns obxectivas co abalen.
OPINIÓN	Supón un compromiso con aquilo que cremos certo : temos confianza en que o aquilo no que cremos sexa realmente certo. Pero esta crenza non está apoiada en algo exterior/obxectivo, senón só nunha sensación nun sentimento interno. Carece de toda proba obxectiva e contrastable.
DÚBIDA	É a forma máis pobre de coñecemento. Só un mínimo grado por enriba da ignorancia. Ten un obxecto de coñecemento pero non supón ningún compromiso pola nosa parte: non temos confianza na súa certeza, non somos capaces de negar nin afirmar. Carece de toda proba obxectiva e contrastable.
IGNORANCIA	Falta/ausencia de calquera tipo de saber. Carece incluso de obxecto: nin sei como é nin se é ou non é.

1.3.- OS PRINCIPAIS MÉTODOS DE COÑECEMENTO

Un método de coñecemento é o traxecto, a vía pola que transitamos para acadar o coñecemento de verdade. Os filósofos ao longo da historia do pensamento foron ideando diversos métodos, elixindo uns e descartando outros por perniciosos e/ou erróneos.

Os máis relevantes son:

- **Método Analítico-Sintético.** Ideado no *Discurso do Método* do francés R.Descartes nos albores do s.XVII. Supón un intento radical de repensar todo o saber anterior e de superar erros formais do coñecemento.

O método ten dúas fases: a descendente onde repudia todo coñecemento anterior por acrítico por falta de probas co fagan certo; e outra descendente na que,

despois de destruír todo o sabido, volve a construír todo o aparello do coñecemento pero agora con toda seguridade.

O método desenrólase en catro pasos:

- **Análise:** Descomposición dos grandes problemas irresolubles nas partes máis pequenas que podamos para poder identificar e recoñecer os problemas.
- **Evidencia:** Unha vez descomposto todo, debemos poñer todo en dubida, unha verdade mínima farásenos evidente ela soa á nosa mente (Ex: *Penso, logo existo*).
- **Síntese:** Dende esa única e mínima verdade iniciamos a reconstrución revisando cada conexión e cada consecuencia por non dar por bo nada que non estea comprobado.
- **Enumeración/Revisión:** Na nosa ascensión na reconstrución do edificio do saber, hai que “parar” e revisar constantemente para evitar erros
- **Método transcendental.** Pensado por Kant no século XVIII. Supón unha revolución na maneira de entender o coñecemento. O método transcendente supón un cambio na perspectiva: deixa de ser o obxecto que “emite” as súas características que son captadas polo suxeito, e é este último quen pasa a ter un papel activo ao imprimir el as características ao obxecto. O suxeito imprime a súa maneira de coñecer ao obxecto. Os obxectos terán pois:

As características propias da maneira de coñecer humana

A este cambio de perspectiva denomínaselle **xiro copernicano**

Cal é esta forma de coñecer humana segundo Kant:

- **Formas a priori da sensibilidade:** coñecemos só a través dos sentidos; sen estes o coñecemento non pode iniciarse. Pero coñecemos en dúas dimensións: espazo e tempo. Espazo e tempo non existen en realidade só son a nosa maneira sensible de coñecer.
- **Categorías do Entendemento:** se o coñecemento iniciase nos sentidos non remata aí. Toda a información obtida sensiblemente é **pensada** e dicir organizada, polo noso entendemento. Pero o noso entendemento ten unha forma así ca información sensible pasa a ter o formato do noso entendemento. O formato do noso entendemento son as **categorías** (cantidade, calidade, modo e relación). As categorías non existen fora de nós pero o noso entendemento non pode pensar fora delas.
- **Ideas da Razón:** aínda máis aló do entendemento a razón intenta buscar unha explicación transcendental a todo o saber. Iso son as Ideas da razón que son: alma, mundo e Deus. Kant non acepta este coñecemento como científico e seguro.

- **Método Dialéctico.** Pensado polo filósofo alemán Hegel no século XIX. Consiste nunha especie de diálogo ou escalada que vai tecendo toda unha rede de coñecemento. Hegel dirá co método de coñecemento é dialéctico porque a realidade é dialéctica.

Como funciona este método: na realidade só vemos fenómenos opoñéndose entre eles, a cada argumento proposto hai outro que se lle opón. O método hegeliano consiste en non ver isto como unha imposibilidade de coñecer realmente senón como a propia estrutura do saber.

- Tese: un argumento calquera que afirma ou nega algo
- Antítese: inmediatamente xurdirá a opinión contraria que parece co invalida
- Síntese: consiste na superación de ámbalas dúas posicións. Non é a vitoria dunha sobre a outra, e tampouco é un termo medio no que poidan coincidir; é a integración de ámbalas dúas posicións que as integra, cas engloba ás dúas. Desta maneira o coñecemento supera oposicións e avanza. A síntese convértese inmediatamente nunha nova tese que será rebatida por unha nova antítese; esta oposición será superada por unha nova síntese. E así vaise forxando a rede do coñecemento.
- **Método Fenomenolóxico.** O filósofo que pensa este método é o alemán Husserl nos albores do século XX. Está baseado no intento de descubrir o sentido que teñen as cousas para nós; que parte de “intención” imprimimos nós aos obxectos coñecidos para poder chegar a intuición pura da verdade.

Non son as características dos obxectos nin as formas de coñecer dos suxeitos; non aprehendemos os obxectos como son e tampouco os creamos nós. O coñecemento é aquilo que se “manifesta” ao coñecemento como unha verdade. Cando o obxecto maniféstase á conciencia esta pode separar: o obxecto manifestado (o fenómeno) e o xuízo que facemos sobre el (o coñecemento que temos del).

1.4.- O CONCEPTO DE VERDADE

Discernir que é a verdade é un dos eternos problemas da humanidade, Curiosamente **o criterio de verdade** (o que nos fai aceptar unha cousa como verdadeira ou non), non parece nin universal nin eterna. De feito foi cambiando ao longo da historia da humanidade:

VERDADE COMO CORRESPONDENCIA	<p>Consiste na adecuación entre a realidade e o meu pensamento. É verdade se hai adecuación ou correspondencia. Sempre é a posteriori</p> <p>EX: “Lois é alto” (é verdade se se adecua a Lois e non o saberemos ata ver a Lois)</p>
VERDADE COMO CRENZA	<p>Un enunciado é verdadeiro se resulta imposible de dubidar racionalmente del.</p> <p>Ex: “penso logo existo”</p>
VERDADE LÓXICA OU COMO COHERENCIA	<p>Non hai nin verdade nin falsidade nas proposicións illadas. Non ten nada que ver ca realidade por tanto nada fai verdadeira/falsa unha proposición por si sola. Se cuadra no sistema, se non crea contradición, é verdadeira.</p> <p>Por exemplo cúmprese :</p> <p><i>O Principio de non contradición: se A non –A</i></p>
VERDADE COMO ÉXITO	<p>Un argumento é verdadeiro se consegue éxito e progreso, e é falso se conduce ao fracaso. Para saber da verdade ou mentira dun enunciado hai que consultar os resultados</p> <p>Ex: <i>Un manual para arranxar un enchufe é verdadeiro se realmente consegue arranxar o enchufe; e é falso se, por erro ou f</i></p> <p><i>Dificultade non consegue co arranxemos</i></p>

1.5.- OS LÍMITES DO COÑECEMENTO

Realmente ten límites o coñecemento humano? Hai cousas co SH non pode dilucidar se son certas ou non?

Na historia do pensamento os filósofos foron opinando sobre este tema adaptando posicións dende: o SH xa ten todo o coñecemento en si, a vida é un gran esforzo por recuperar ese coñecemento; nada sabemos au nacer todo o iremos coñecendo a través dos sentidos; o noso coñecemento ven das ideas innatas cas que Deus nos fixo nacer; non hai coñecemento científico a relación causa-efecto é unha ilusión; os conceptos e os universais non existen, son falsidades, o único real é a vida; etc

REALISMO vs IDEALISMO	
REALISMO	IDEALISMO
Existe unha realidade obxectiva poboada de obxectos co suxeito pode coñecer.	O obxecto do coñecemento humano son as IDEAS. Formas puras ou representacións mentais
RELATIVISMO vs PERSPECTIVISMO	
RELATIVISMO	PERSPECTIVISMO
Non existe unha verdade única e absoluta A verdade é sempre subxectiva depende do suxeito ca coñece Hai tantas verdades como suxeitos O coñecemento humano ten límites	Existe unha verdade absoluta aínda que ninguén a posúa en toda a totalidade A verdade é a suma de todas as verdades por iso ninguén a ten integramente: “a verdade é unha paisaxe que fornéxase dende o punto de vista no que estamos.
DOGMATISMO vs ESCEPTICISMO	
DOGMATISMO	ESCEPTICISMO
O SH pode lograr o coñecemento completo e absoluto da verdade Existe unha confianza plena na razón: optimismo inxenuo Con educación e esforzo o SH acadará o seu obxectivo	A razón humana non é suficiente para acadar o coñecemento infalible Existe unha dúbida indisoluble sobre todo coñecemento O SH nunca acadará a verdade absoluta se a hai

2.- O COÑECEMENTO CIENTÍFICO

2.1.- A CIENCIA AO LONGO DA HISTORIA

- AS ORIXES (GRECIA): ciencia e filosofía están intimamente unidas. A filosofía é *sophia* o saber teórico máis nobre e absoluto. A ciencia *episteme* que é o saber científico forma parte de ese corpo. Os primeiros filósofos son científicos e os primeiros científicos son filósofos. A ciencia aínda non é empírica. A explicación do mundo, dos ceos, do movemento, da natureza do ser humano, etc, forma parte do saber filosófico.

- IDADE MEDIA: a ciencia está supeditada a fe. As sagradas escrituras marcan o que é certo e o que non. A filosofía e a ciencia (que seguen unidas nun corpo único que é o saber racional) non teñen ningún progreso. Neste tempo non hai nada novo que descubrir; toda a verdade xa está revelada e transmitida aos homes na Biblia, o único que hai que facer é saber lela.

- A CIENCIA MODERNA: é o verdadeiro nacemento da ciencia no sentido que hoxe a entendemos. A separación definitiva de razón e fe, vai permitir unha escalada científica coñecida co nome de **revolución científica**. Iniciada no século XVI con Copérnico chega ao seu punto culminante no XVIII con Newton. Caracterízase por:

- Abrace fundamentalmente á matemática, física e astronomía

- Inicio do uso da **experimentación** como elemento imprescindible para considerarse saber científico

- Todo o que non é cuantificable e expresable en linguaxe matemática queda excluído do ámbito da ciencia e considerado pensamento subxectivo e paracientífico

- A teleoloxía non existe na ciencia. Q universo non ten nin intencionalidade nin dirección nin sentido; o cosmos é mecánico

- A CIENCIA CONTEMPORÁNEA: durante o século XIX e principios do XX, as chamadas **ciencias sociais**, abandonan o corpus da filosofía e convértense en “ciencias” (saberes) autónomos cas súas propias regras, hipóteses e os seu corpo de contidos.

Pero fundamentalmente caracterízase por un desinflante e un constatado pesimismo ante as expectativas da ciencia:

**A ciencia revélase como incapaz de facer predicións veraces
máis aló de a moi curto prazo**

Desaparición do concepto de coñecemento obxectivo (o científico) que se contraponía ao subxectivo (ou paracientífico, filosófico, etc). Ao final ámbolos dous son moi parecidos.

A MAIORÍA DAS CIENCIAS NON PODEN SER SOMETIDAS INTEGRAMENTE A EXPERIMENTACIÓN	AS TEORÍAS CIENTÍFICAS ALBERGAN NO SEU PROPIO INTERIOR INTERROGANTES IRRESOLUBLES	AS NOVAS CIENCIAS NON ENCAIXAN NO MOLDE RÍXIDO QUE ESTABLECEU A CIENCIA MODERNA
---	---	---

2.2.- ELEMENTOS CONSTRUTORES DA CIENCIA

- CONCEPTOS: entidades abstractas que constrúe o noso cerebro e que permite: identificar, diferenciar e comparar os obxectos da realidade.

- LEIS: é a expresión de relación regular, constante e invariable que podemos observar que se produce entre os obxectos observables.

- TEORÍAS: corpo coherente de coñecementos conformado por un conxunto de leis coherentes entre elas. As teorías fan referencia a un conxunto moi amplo de fenómenos.

2.3.- CLASIFICACIÓN DAS CIENCIAS

FORMAIS		EXPERIMENTAIS	
matemáticas	lóxica	naturais	sociais
		Física, Química, Biología, Xeoloxía, Botánica, Anatomía, Arqueoloxía ...	Psicoloxía, Socioloxía, Economía, Dereito, Ciencias Políticas ...

2.4.- O MÉTODO CIENTÍFICO

2.4.1.- MÉTODO CIENTÍFICO CLÁSICO: ten dúas fases:

- FASE INDUTIVA: consiste en establecer leis e principios xerais a partir de datos obxectivos observados:

- . Observo
- . Realizo unha xeneralización
- . Formulo un enunciado universal = unha lei

Necesariamente:

- . O número de casos observados ten que ser elevado
- . Os casos deben incluír circunstancias diversas nas que se da ou non se da o fenómeno observado
- . Non debe de haber casos contraditorios: as veces cúmprese e outros non

- FASE DEDUTIVA: tomamos unha lei universal e a imos comprobando en casos concretos.

Problemas:

- . Sempre quedannos casos sen considerar
- . Sempre se parte de leis que xa existen e por tanto estamos condicionados
- . Cantas veces tense que cumprir (cantos casos) para considerar a lei válida

2.2.2.- MÉTODO CIENTÍFICO MODERNO

Chamado Método Hipotético-dedutivo, ideado por Galileo como alternativa ao que se facía ata ese momento. O método ten dúas fases:

- . unha descendente ou HIPOTÉTICAS
- . outra ascendente ou DEDUTIVA

1) Proposta dun problema		8) Volta ao punto 3
2) Recompilación de datos	7) Confirmación da hipótese	7) Rexeitamento da hipótese
3) Formulación de unha hipótese explicativa	6) Cúmprese	6) Non se cumpre
4) Dedución de consecuencias observables	5) Comprobación experimental	

As leis establecidas por este método, como dixemos, non adquiren a categoría de **leis definitivas** senón só de **hipóteses provisionais**.

2.5.- CRITERIOS DE DEMARCACIÓN

É o criterio para clasificar/distinguir que se pode considerar científico e que non (ignorando o que vimos de dicir da delgada liña que separa no século XXI un coñecemento de outro).

Temos dous criterios:

- A VERIFICACIÓN: comprobamos a través da experiencia de que *o que establece unha lei realmente cúmprese*.

Problemas:

- . nunca podemos chegar a verificala de todo, xa co número de casos “verificados” sempre son limitados
- . só confirmamos casos en positivo (casos que se cumpren) pero non busca casos nos que non se cumpre
- A FALSACIÓN: consiste precisamente en buscar casos nos que non se cumpra a lei. Xa sabemos que hai moitos casos nos que se cumpre pero isto non é significativo o importante é buscar aínda que sexa un só no que non se cumpre.

De esta maneira podemos descartar hipóteses con bastante rapidez.